




# Concello da Coruña

Área / Unidad GESTION DE DEPORTES DJ1000 CTP	Documento 21117105U9	
Código de verificación  3S1N 1D1L 6F0T 4A35 19VE	Expediente 211/2023/851	
	Fecha 22-11-2023	

## BASES REGULADORAS DOS CURSOS MUNICIPAIS DE INICIACIÓN AO GOLF | ANO 2024

### 1. OBXECTO:

Constitúe o obxecto destas bases regular a convocatoria pública para a participación nos  **cursos municipais de iniciación ao golf**  a impartir durante o  **ano 2024** . Acompañarán a estas bases os anexos correspondentes á oferta e prazos de cada trimestre ou período.

### 2. PROGRAMA E PREZO:

**2.1. LUGAR DE IMPARTICIÓN:** Campo Municipal de Golf Torre de Hércules (Rúa Dr. Vázquez Iglesias, 2 15002 A Coruña)

**2.2. PERÍODOS:** Establécense os seguintes trimestres ou períodos:

- Primeiro trimestre: xaneiro, febreiro e marzo do 2024.
- Segundo trimestre: abril, maio e xuño do 2024.
- Cursos de verán: xullo e agosto do 2024.
- Cuarto trimestre: outubro, novembro e decembro do 2024.

**2.3. PREZO:** Aplicaranse as tarifas segundo ordenanza fiscal do ano 2024.

**2.4. PERSOAS DESTINARIAS E IDADES:** Terán preferencia as persoas empadroadas no Concello da Coruña e que non teña xa participado noutro curso municipal de Golf. Os cursos organizaranse en varias franxas de idade:

- Infantil: de 6 a 11 anos
- Xuvenil: de 12 a 16 anos
- Adultos: de 17 anos en diante

A idade mínima requirida en cada curso deberá terse cumprida -ou cumprirse- durante o desenvolvemento do curso.

**2.5. QUENDAS E PRAZAS:** Realizaranse 5 quendas cun total 688 prazas, organizadas en OITO (8) prazas por grupo, segundo a oferta de cada período. Cada quenda dispoñerá de seu propio anexo onde se se anunciarán as datas de inicio e de fin dos cursos e do procedemento de solicitude e adxudicación das prazas.

- ANEXO 1: Xaneiro-Febreiro-Marzo: 144 prazas
- ANEXO 2: Abril-Maio-Xuño: 144 prazas
- ANEXO 3: Xullo: 128 prazas



# Concello da Coruña

- d) ANEXO 4: Agosto: 128 prazas
- e) ANEXO 5: Outubro-Novembro-Decembro: 144 prazas

### 3. PROCEDIMIENTO DE ADXUDICACIÓN DAS PRAZAS: para todas as quendas

**3.1. PREINSCRICIÓN:** O inicio da preinscrición será publicado na páxina web do Concello da Coruña [www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes) e nos taboleiros de anuncios das instalacións deportivas municipais.

a) Realizarase unicamente a través do formulario que se indique na páxina web [www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes).

b) Número de cursos por persoa: Cada persoa poderá presentar unha única solicitude cun máximo de dous cursos, pero só se poderá matricular nun único curso.

c) No caso de rexistrar para a mesma persoa máis dunha solicitude, só se terá en conta a última, anulando con esta todas as feitas con anterioridade.

**3.2. LISTAXE PROVISIONAL DE SOLICITANTES:** Previo a adxudicación da praza, publicarase unha listaxe provisional de solicitantes asignándose un número para o sorteo público e na que se poderán revisar os datos persoais e abrirase un prazo para a subsanación de erros. Aclarase que:

a) A asignación do número farase preferentemente por orde de entrada da solicitude.

b) No caso de solapamento de orde de entrada ou da admisión de emenda de erros, asignarase correlativamente o primeiro número libre.

**3.3. SUBSANACIÓN DE ERROS:** Abrirase un prazo para a subsanación de erros dende a publicación da listaxe provisional de solicitantes. As alegacións presentaranse por correo electrónico á dirección [programasdeportivos@coruna.gal](mailto:programasdeportivos@coruna.gal)

**3.4. SORTEO** No suposto de que existan máis solicitudes que prazas, para establecer a orde de adxudicación de prazas celebrarase un sorteo público do número para a adxudicación. O sorteo realizarase dende a páxina <https://echaloasuerte.com> ou polo procedemento de insaculación nas oficinas do Palacio de Deportes de Riazor.

**3.5. ORDE DE PREFERENCIA:** para a adxudicación das prazas nos supostos en que o número de prazas solicitadas sexa maior das ofertadas, para a orde de preferencia terase en conta:

a) O número agraciado no sorteo, que establecerá o corte a partir do cal se adxudicarán as prazas, segundo o número de prazas ofertadas en cada un dos cursos.

b) No primeiro lugar as persoas empadroadas no Concello da Coruña, seguido as persoas que non participaran con anterioridade nalgún curso de Golf Municipal no campo da Torre.

c) A orde de preferencia nas actividades indicadas na solicitude (Opción 1 ou Opción 2).



# Concello da Coruña

- d) As persoas solicitantes que non obtivesen praza pasarán a formar parte da listaxe de agarda.

**3.6. LISTAXE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS:** publicarase a listaxe de adxudicación de prazas e listaxe de agarda.

## 4. MATRÍCULA E FORMALIZACIÓN DAS INSCRICIÓNS:

A matrícula formalizarase, durante o prazo estipulado para cada quenda, no Campo Municipal de Golf Torre de Hércules mediante o pago das taxas correspondentes segundo a Ordenanza Fiscal vixente.

### 4.1. Documentación que debe acompañarse para a matrícula.

- a) Fotocopia do DNI (desde os 14 anos).
- b) Para menores de idade ou persoas suxeitas a tutela, aínda que dispoñan de DNI propio, tamén deberá presentarse Libro de Familia e DNI de pai/nai ou titor/titora legal. No caso de persoas suxeitas a tutela deberá achegarse tamén o documento legal que a acredite.

**4.2.** A persoa que se matricule ou, no seu caso, quen teña a súa representación legal, fará constar que non padece ningunha enfermidade que lle incapacite para a práctica da actividade deportiva. No suposto de padecer algún tipo de discapacidade ou existir calquera outra cuestión relevante que poida incidir na práctica deportiva, deberá achegarse informe clínico dirixido ao Servizo Municipal de Deportes.

**4.3.** No caso de non formalizar a inscrición entenderase que se renuncia á praza e adxudicaranse as prazas vacantes seguindo a listaxe de agarda.

## 5. OUTRAS DISPOSICIÓNS

**5.1.** A presentación da solicitude implica declarar que son certos os datos achegados. No caso que o Servizo Municipal de Deportes detecte falsidade nos mesmos, o alumnado afectado causará baixa no curso, sen dereito á devolución das taxas aboadas.

**5.2.** Para constituírse un grupo será necesario un mínimo de 6 persoas inscritas; en caso contrario, facilitaranse outros horarios ás persoas solicitantes.

**5.3.** Non se permite a cesión a terceiras persoas da praza asignada.

**5.4.** Toda a información e listaxes relativas e a esta convocatoria poderá consultarse na páxina web municipal [www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes), nos taboleiros de anuncios das instalacións deportivas municipais e no teléfono de información cidadá 010.

**5.5.** Serán de aplicación as normas de uso das “Instalacións Deportivas Municipais, Escolas Deportivas Municipais e outras actividades” aprobadas pola Xunta do Goberno Local do 20 de xullo de 2007., e ás propias do Campo De Golf Torre de Hércules.

**5.6.** O alumno/a, e no seu caso o seu titor/a fai constar que non padece ningunha enfermidade que lle incapacite para a práctica da actividade deportiva, realizándose o oportuno



# Concello da Coruña

recoñecemento médico. Se padece minusvalía ou outros datos relevantes que poidan incidir na práctica deportiva, deberá achegar Informe ou Servizo Municipal de Deportes.

5.7.O talón de pago ou carné será o documento obrigatorio de presentación para a entrada nas instalacións e para a asistencia aos cursos.

5.8.O Servizo Municipal de Deportes resérvase a facultade de interpretar e valorar as circunstancias concorrentes en cada caso.

**5.9.PROTECCIÓN DE DATOS:** Os datos persoais facilitados polos solicitantes serán tratados polo Concello da Coruña con dirección en María Pita, 1 15001 A Coruña, formando parte dos ficheiros INSTALACIÓNS DEPORTIVAS e CAMPO DE GOLF TORRE DE HÉRCULES, do que será responsable do tratamento ORTO PARQUE E XARDÍNS, S.L. e SIDECU, S.L. U.T.E.. A lexitimación para o tratamento dos datos persoais baséase na necesidade que a prestación dos servizos conleva o tratamento de datos persoais. O Concello conservará os datos durante o tempo que sexa necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se poidan derivar da finalidade exposta e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación.

Non se considerará cesión de datos cando sexa de aplicación a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, xa que, como se indica na disposición adicional vixésima quinta, o contratista terá a consideración de encargado do tratamento dos datos de carácter persoal cuxo tratamento sexa responsable a entidade contratante.

O interesado poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos mediante comunicación por escrito dirixida ao Rexistro Xeral do Concello da Coruña, sito en Praza María Pita, 1. 15001 A Coruña, coa seguinte referencia na súa carta: "LOPD Exercicio de dereitos" (xunto á súa solicitude escrita e asinada, deberá acreditar a súa personalidade achegando fotocopia do DNI) ou ben mediante solicitude na sede electrónica. Dado o carácter confidencial da información, non poderá exercer os seus dereitos telefonicamente, posto que este medio non permite acreditar a identidade como titular dos datos rexistrados.

Coa sinatura da solicitude autorízase a tomar imaxes das actividades que se realicen, sempre que se utilicen para a promoción e difusión das mesmas, así como á utilización do móbil e correo electrónico como forma de aviso e comunicación por parte do Servizo Municipal de Deportes.

Data e sinatura electrónica

O Xefe de Servizo de Deportes



## ANEXO I ÁS BASES REGULADORAS DOS CURSOS MUNICIPAIS DE INICIACIÓN AO GOLF ANO 2024

### CURSOS DE INICIACIÓN AO GOLF 1º TRIMESTRE - XANEIRO-FEBREIRO-MARZO DE 2024

- **Presentación das solicitudes:** as solicitudes para participar nos cursos poderán presentarse do 01 de decembro a partir das 08:00h. ata o 10 de decembro de 2023 ás 23:59h., ambos os dous inclusive.
- **Listaxe provisional de solicitantes:** publicarase o día 12 de decembro de 2023 na páxina web municipal [www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes) e nos taboleiros de anuncios do propio campo municipal de golf e das instalacións municipais da Cidade Deportiva da Torre, Polideportivo do Barrio das Flores e Palacio dos Deportes de Riazor, e no teléfono de información cidadá 010.
- **Emenda de erros:** abrírase un prazo de corrección a partir da data de publicación das listaxes provisionais para que se poidan formular alegacións ata o 14 de decembro de 2023. As mesmas presentaranse no Campo Municipal de Golf Torre de Hércules, no seu horario de atención ao público.
- **Listaxe definitiva de solicitantes:** publicarase o 15 de decembro de 2023 a partir das 14:00h.
- **Sorteo público:** terá lugar o 18 de decembro de 2023, ás 10:00 h.
- **Listaxes de adjudicación de prazas:** publicaranse o 19 de decembro de 2023 a partir das 14:00h.
- **Matrícula:** No Campo Municipal de Golf Torre de Hércules do 20 ao 27 de decembro de 2023 as persoas ás que lles corresponda praza. A xestión da listaxe de agarda, os días 28 e 29 de decembro.

### CURSOS OFERTADOS

FRANXA IDADE	CÓDIGO CURSO	DÍAS	HORARIO	PAZAS
ADULTOS +17 INICIACIÓN	13.2.24.02.06.0.01	LUNS E XOVES	09:30 a 10:30	8
	13.2.24.02.06.0.02	LUNS E XOVES	10:30 a 11:30	8
	13.2.24.02.06.0.03	LUNS E XOVES	11:30 a 12:30	8
	13.2.24.02.06.0.04	LUNS E XOVES	19:30 a 20:30	8
	13.2.24.02.06.0.05	LUNS E XOVES	20:30 a 21:30	8
	13.2.24.02.06.0.06	MARTES E VENRES	09:30 a 10:30	8
	13.2.24.02.06.0.07	MARTES E VENRES	10:30 a 11:30	8
	13.2.24.02.06.0.08	MARTES E VENRES	11:30 a 12:30	8
	13.2.24.02.06.0.09	MARTES E VENRES	19:30 a 20:30	8
	13.2.24.02.06.0.10	MARTES E VENRES	20:30 a 21:30	8
	13.2.24.02.06.0.11	SÁBADO E DOMINGO	09:30 a 10:30	8
	13.2.24.02.06.0.12	SÁBADO E DOMINGO	10:30 a 11:30	8
XUVENIL INICIACIÓN 12-17	13.2.24.02.09.0.15	LUNS E XOVES	18:00 a 19:00	8
	13.2.24.02.09.0.16	MARTES E VENRES	18:00 a 19:00	8
	13.2.24.02.09.0.17	SÁBADO E DOMINGO	11:30 a 12:30	8
INFANTIL INICIACIÓN 6-11	13.2.24.02.08.0.13	LUNS E XOVES	17:00 a 18:00	8
	13.2.24.02.08.0.14	MARTES E VENRES	17:00 a 18:00	8
	13.2.24.02.08.0.18	SÁBADO E DOMINGO	12:30 a 13:30	8



# Concello da Coruña

## DATAS DE INICIO E FIN DOS CURSOS

FRECUENCIA DÍAS	DATA INICIO	DATA FIN
Luns e xoves	4 de xaneiro de 2024	14 de marzo de 2024
Martes e venres	2 de xaneiro de 2024	15 de marzo de 2024
Sábados e domingos	7 de xaneiro de 2024	17 de marzo de 2024